

# La lyre du Désert

**Enrique X. Macías, Manuel del Río**

Venres 6 Novembro 20:30H | Auditorio Martín Códax, Vigo

*Je ne confonds pas la solitude avec la lyre du désert. Le nuage cette nuit qui cerne ton oreille n'est pas de neige endormante, mais d'embruns enlevés au printemps.*

*Lettera amorosa, René Char*

Non confundo a soidade coa lira do deserto. A nube que rodea o oído esta noite non é de neve adormecida, senón de néboas arrincadas da primavera.

*Lettera amorosa, René Char*

Nesta sesión presentarase en exclusiva o documental de Manuel del Río *Enrique X. Macías: A lira do deserto*. Culminará a xornada unha conversa entre o director do filme e o director artístico de Vertixe Sonora, Ramón Souto moderada por Paco Yáñez (mundoclasico).

*La Lyre du Désert* (1988) de Enrique X. Macías toma o seu título emprestado da cita de René Char que encabeza este texto; inspirado á súa vez na peza musical homónima de Monteverdi, nese xogo escheriano de interseccións infinitas tan querido por Macías. Música electrónica en homenaxe a René Char estreada no Institut National de l'Audiovisuel de París, o 19 de febreiro, precisamente o día do deceso do símbolo da resistencia francesa. A elección poética non é de balde, declara a influencia bouleziana tan presente en Macías: o poeta surrealista fora elevado aos altares da vangardía musical ao calor da obra mestra de Pierre Boulez, *Le marteau sans maître* (1955).

**MANUEL DEL RÍO** *Enrique X. Macías. A lira do deserto*\* 2020 | 40 min. | ESPAÑA | DOC | COR

**Conversa a propósito de Enrique X. Macías. A lira do deserto** coa participación de Ramón Souto (compositor e director artístico de Vertixe Sonora), Manuel del Río (cineasta) e Paco Yáñez (crítico de mundoclasico)

**ENRIQUE X. MACÍAS** *La lyre du Désert* (1988) electrónica

\*Estrea mundial

## O I N T É R P R E T E :

### **MANUEL DEL RÍO**

A creación audiovisual do realizador galego Manuel del Río (Santiago de Compostela, 1974) caracterízase por un enfoque interdisciplinario no que dialogan as artes, a literatura e a música, como amosa o seu filme documental Correspondencias Sonoras (2013) e a súa curtametraxe No resplendor do día (2014), este último parte do Proxecto Nimbos.

Os seus traballos audiovisuais foron proxectados en son[UT]opías 2013 (Auditorio de Abanca), Cineuropa 2013 (CGAC), Festival FILMADRID 2015 (La Casa Encendida), RESIS Festival 2019 (Fundación Luis Seoane), amais de estar dispoñibles nas plataformas dixitais FILMIN e IN-EDIT TV.

En 2006 funda a [gustav-mahler.es](http://gustav-mahler.es), web de referencia hispanohablante dedicada ao compositor austriaco Gustav Mahler.

Na súa vertente de crítico musical, para o semanario SantiagoSiete (2008-2013) escribe recensións nas que cobre as actividades musicais e cinematográficas da capital galega. Tamén realiza colaboracións en diferentes revistas musicais, así como notas ao programa para a Real Filharmonía de Galicia.

Todos os concertos e actividades teñen entrada gratuita previa **inscrición telemática con compromiso de asistencia** a través da páxina oficial de vertixe sonora e reserva dun máximo de 5 entradas por persoa ata cubrir aforamentos. Debido á pandemia COVID-19, o festival adoptou as seguintes medidas para garantir a súa seguranza:

1. Chegada á sala 20 minutos antes da hora marcada de inicio do concerto para axilizar o proceso de entrada.
2. Distanciamiento social. Non hai lugar marcado, seralle atribuído á entrada da sala, por orde de chegada, mediante indicación de persoal identificado.
3. Uso obrigatorio de máscara durante todo o evento.
4. Hixiene de mans, limpeza en alfombra desinfectante e toma de temperatura na entrada ao edificio. En caso de necesitar apoio, por favor, contacte co asistente de sala.

Finalizada a actividade espere no seu asento as indicacións do persoal de sala que regulará a saída escalonada.

## VINDEIROS CONCERTOS:

Entrada libre previa inscrición telemática até completar aforamento

sábado 7.11, 20.30h | Auditorio Martín Códax de Vigo  
**ANTISTROFAS. HISTORIA DUNHA ENCOMENDA**

domingo 8.11, 20.30h | Auditorio Martín Códax de Vigo  
**ASÍ PASEN 25 ANOS: ENRIQUE X. MACÍAS**